

Nº exped.	Solicitante	DNI/CIF	Univ. onde se titulou	Titulación	Univ. onde realiza 3º ciclo	Nota final ponderada
2007/000043-0	Galindo Jiménez, Daniel	50888975A	USC	Lic. Historia	USC	1,4756
2007/000501-0	Rivero Zorrilla, Ión	46902965P	UDC	Lic. Filoloxía Hispánica	UDC	1,4704
2007/000231-0	Orois Fernández, María Paz	32709693J	UVIGO	Lic. Tradución e Interpretación	UVIGO	1,4548
2007/000182-0	Zaragoza Arias, María	34991288P	USC	Lic. Historia da Arte	USC	1,4474
2007/000040-0	Irisarri Vázquez, Francisco Javier	53182817D	USC	Lic. Filosofía	USC	1,4373
2007/000317-0	Jambrina Jambrina, Mª Andrea	11974928R	UVIGO	Lic. Belas Artes	UVIGO	1,4063
2007/000071-0	Castro López, Iria	36177828R	USC	Lic. Filoloxía Hispánica	USC	1,4057
2007/000068-0	Barral Rodríguez, Zoraida	44843551Z	USC	Lic. Filoloxía Hispánica	USC	1,4038
2007/000150-0	Torrado Cespón, Milagros	52939074C	USC	Lic. Filoloxía Inglesa	USC	1,3857
2007/000226-0	Fernández Cousillas, María Ángeles	36086042P	UVIGO	Lic. Belas Artes	UVIGO	1,3828
2007/000366-0	Alonso Egea, Lucía	32830050B	UVIGO	Lic. Belas Artes	UDC	1,3822
2007/000260-0	Nidaguila Rego, Verónica	32704358Z	UDC	Lic. Humanidades	UDC	1,3783
2007/000011-0	Domínguez García, Montserrat	47374167D	USC	Lic. Historia da Arte	USC	1,3694
2007/000268-0	Monroy Pérez, Eva	36170529Q	UVIGO	Lic. Belas Artes	UVIGO	1,3688
2007/000323-0	Vázquez Mato, Martín Xosé	44480381Z	UVIGO	Lic. Historia	UVIGO	1,359
2007/000395-0	Bernechea Navarro, Sara	16590975V	FSUG	Lic. Filoloxía Hispánica	USC	1,3529
2007/000102-0	Bautista López, Mª Ronda	03909807Z	FSUG	Lic. Belas Artes	UVIGO	1,3525
2007/000399-0	Blasco Fernández, Paloma	32691121W	UDC	Lic. Filoloxía Inglesa	UDC	1,3513
2007/000308-0	Prieto Cuba, Silvia	33544865D	UVIGO	Lic. Belas Artes	UVIGO	1,3365
2007/000056-0	Otero Vázquez, Eva	52938750H	USC	Lic. Historia da Arte	USC	1,3343
2007/000028-0	Menan Reguera, Sonia	33336834J	USC	Lic. Filosofía	USC	1,3229
2007/000509-0	Varela Cartelle, Daniel Ángel	44843925C	UDC	Lic. Filoloxía Inglesa	UDC	1,3178
2007/000513-0	Prieto Montero, José Luis	53305228Z	UDC	Lic. Filoloxía Inglesa	UDC	1,3167
2007/000370-0	González Nogueiras, Jaime	44481830Z	UVIGO	Lic. Historia	UVIGO	1,3057
2007/000044-0	Bret Franco, Carolina	71509852T	USC	Lic. Filoloxía Inglesa	USC	1,2908
2007/000143-0	Rodríguez Míguez, Sonia	44816689Q	USC	Lic. Historia da Arte	USC	1,2901
2007/000025-0	González Caldeiro, Mónica	36521405G	FSUG	Lic. Filoloxía Hispánica	USC	1,2851
2007/000024-0	Feijoo Cid, Tamara	34998731E	UVIGO	Lic. Belas Artes	UVIGO	1,2758
2007/000483-0	Enríquez Veloso, Gonzalo	53301686Z	UDC	Lic. Filoloxía Hispánica	UDC	1,2718
2007/000119-0	Ante Álvarez, Begoña	36177045T	UVIGO	Lic. Belas Artes	UVIGO	1,2666
2007/000191-0	Rega González, Natalia	44839112Z	USC	Lic. Filoloxía Inglesa	USC	1,2595
2007/000472-0	Paradela Macía, Raquel	44471646L	UDC	Lic. Filoloxía Inglesa	UDC	1,2503
2007/000190-0	Seoane Guerra, Ánxela	47368982E	USC	Lic. Historia da Arte	USC	1,2343
2007/000294-0	Valiño Fraga, Sofía	76925738F	UVIGO	Lic. Tradución e Interpretación	UVIGO	1,2258
2007/000046-0	Rodríguez Lemos, Mª del Carmen	53481199N	USC	Lic. Historia da Arte	USC	1,2135
2007/000293-0	Bentancor González, Nerea	53111109S	UVIGO	Lic. Traducción e Interpretación	UVIGO	1,2113
2007/000360-0	Lestegas Pérez, Cristina	34636439A	USC	Lic. Filoloxía Inglesa	USC	1,2078
2007/000282-0	Lesta García, Laura	53303087N	USC	Lic. Filoloxía Hispánica	USC	1,1968
2007/000450-0	Layus Quiroga, Ruth	18166481T	UVIGO	Lic. Tradución e Interpretación	UVIGO	1,184
2007/000007-0	Blanco de la Barrera, Laura	34638863N	USC	Lic. Filoloxía Portuguesa	USC	1,1624
2007/000070-0	Van Den Eynde Otero, Eduardo	44836664G	USC	Lic. Xeografía	USC	1,1572
2007/000197-0	Salgado Viñal, Lourdes Erea	44478214D	USC	Lic. Filoloxía Hispánica	USC	1,1536
2007/000228-0	Rodríguez de las Heras, Emilia Amparo	47370252G	UVIGO	Lic. Belas Artes	UVIGO	1,1263
2007/000470-0	Guimil Fariña, Alejandro	35319806V	USC	Lic. Historia	USC	1,1178
2007/000145-0	López Prego, Beatriz	35482240W	USC	Lic. Filoloxía Inglesa	USC	1,115
2007/000428-0	Beltrán Gonzalo, Iria	36119186D	UVIGO	Lic. Belas Artes	UVIGO	1,1046
2007/000088-0	Cobas Roca, Pablo	47363665H	USC	Lic. Historia da Arte	USC	1,056
2007/000388-0	Mañás González, Daniel C.	47364101V	UDC	Lic. Filoloxía Inglesa	UDC	1,0542
2007/000465-0	Dorado Reboredo, José María	33542483L	USC	Lic. Humanidades	USC	1,0459
2007/000149-0	Hervella Villariño, Miguel	44829879G	USC	Lic. Filosofía	USC	1,0444
2007/000021-0	Gómez Seoane, Almudena	76579928W	USC	Lic. Filoloxía Inglesa	USC	1,0347
2007/000245-0	Ladra Mancebo, Iria	32702260D	USC	Lic. Historia da Arte	UDC	0,982
2007/000264-0	Brañas Costas, María	36135827K	USC	Lic. Filosofía	USC	0,9223

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Resolución do 19 de novembro de 2007 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de novembro, polo que se declara municipio turístico galego o concello de Laxe.*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día oito de novembro de 2007, adoptou por proposta

do conselleiro de Innovación e Industria, o seguinte acordo:

Declarar municipio turístico galego o concello de Laxe, de conformidade co establecido no artigo 13 do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia do Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico.

En cumprimento do disposto no citado artigo ordénase a publicación do acordo no *Diario Oficial*

de Galicia e a notificación ao concello correspondente.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2007.

Fernando Xavier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Orde do 3 de decembro de 2007 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión das axudas de carácter socioeconómico convocadas pola Orde do 6 de agosto de 2007.*

A Orde do 6 de agosto de 2007, pola que se convocan axudas de carácter socioeconómico para o exercicio orzamentario 2007 e se modifica a Orde do 30 de novembro de 2000 (DOG nº 155, do 10 de agosto), expresa na súa exposición de motivos que o crédito dispoñible para estas axudas será o indicado nesta orde e mais os posibles remanentes que deriven da orde extraordinaria do 8 de xuño de 2007 (DOG nº 124, do 28 de xuño).

Unha vez revisados os expedientes presentados ao abeiro da Orde do 6 de agosto de 2007 comprobouse que o importe total solicitado destas axudas supera amplamente o crédito inicial dispoñible para esta orde, o que faría imposible atender a demanda dunha gran parte das solicitudes presentadas.

Por outra banda, xa foron resoltas todas as solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 8 de xuño de 2007, pola que se convocaban con carácter extraordinario para o exercicio orzamentario 2007 axudas de carácter socioeconómico, resultando un remanente de crédito suficiente para atender o déficit de crédito existente na Orde do 6 de agosto de 2007.

Considerando o anterior e tendo en conta a previsión que figura na exposición de motivos da Orde do 6 de agosto cómpre ampliar o crédito inicial desta orde cos remanentes sobrantes da orde extraordinaria do 8 de xuño de 2007 coa finalidade de achegar as axudas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas

### DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe da contía máxima das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 6 de agosto de 2007 (DOG nº 155, do 10 de agosto) en 750.000 euros, con cargo á aplicación 14.03.723A.780.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes, non procedendo, polo tanto, a apertura dun novo prazo.

### Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2007.

Carmen Gallego Calvar  
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Orde do 3 de decembro de 2007 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de cursos do Plan nacional de formación e inserción profesional na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2008.*

A Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado en materia de formación profesional ocupacional mediante o Decreto 69/1993, do 10 de marzo.

Nesta transferencia a Administración do Estado reserva para si, entre outras funcións, a da aprobación do Plan nacional de formación e inserción profesional (Plan FIP). En exercicio desta competencia dítase o Real decreto 631/1993, do 3 de maio, no cal se marcan as pautas e as directrices que deben seguir tanto o Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal como as comunidades autónomas con competencias na materia, e establécese a necesidade de realizar unha convocatoria pública durante o trimestre anterior ao comezo do exercicio anual para aquelas entidades que desexen participar na correspondente programación, indicando os termos, prazos e condicións en que as solicitudes deben presentarse e as accións executarse.

No ano en curso apróbase o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego. Este real decreto ten como obxecto ofrecerlles aos traballadores unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo e que atenda os requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos traballadores, de forma que os capacite para o desempeño cualificado das distintas profesións e para o acceso ao emprego.

Non obstante, a disposición transitoria primeira do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, establece que os procedementos de concesión de subvencións